

Meu Erasmus+.

Boas! Meu nome é Carmiña e estudei Animación Sociocultural e Turística durante o curso 2021/22 no CIFP Ánxel Casal.

Hei de dicir que sempre me chamou a idea de estudar e/ou traballar no estranxeiro, en primeiro lugar para coñecer un novo lugar e o seu idioma, mais tamén ca idea de comprobar o meu nivel de autonomía. En certo modo, digamos que para min o feito de vivir soa e ter que afrontar un período medianamente longo lonxe dos meus seres queridos, supoñía un reto.

Foi a finais do ano 2021 cando comecei a plantexarme a posibilidade de enfrentarme realmente a este "reto" ou, se preferides chamarlle así, oportunidade.

No centro de estudos escoitara acerca da posibilidade de realizar as prácticas do ciclo no estranxeiro a través do programa Erasmus+, e non tiven que pensalo moitas veces para inscribirme na oferta. Tiven en conta que as miñas calificacións eran boas e que o meu nivel de inglés estaba á altura en caso de ter que manexarme nese idioma nun futuro (se ese non é teu caso, non te preocupes, esta estaba é o momento ideal para aprender).

O resultado foi positivo: fun admitida. E, ademais de iso, tamén foi admitida unha das mellores compañeiras que tiven na clase e recibimos a oferta de realizar xuntas o Erasmus.

O destino: Portugal. Concretamente a vila de Ericeira, situada non moi ao sur do país.

Ericeira é unha vila pequena, mais encantadora. Nos seus inicios adicábase principalmente á pesca, e agora evoluiu nunha paraxe turística adicada case na súa totalidade ao surf e o ioga. Coñecida como unha das cunas do surf de Portugal, nela hai milleiros de spots increíbles para practicar este deporte, e así tamén conta con numerosas praias preciosas onde simplemente pasar a tarde e disfrutar das vistas. As súas rúas son limpas, azuis e brancas, e parece que nelas nunca hai présa e ninguén está de mal humor.

Sen dúbida, para min o mellor deste lugar foi a súa xeografía. A pesares de que o noso centro de traballo e o noso aloxamento atopábanse relativamente lonxe do centro de Ericeira (1h andando, aproximadamente), moitas veces fixemos o camiño andando á beira do mar xa que as vistas eran incomparables.

Ademais, o ambiente que se respira é de paz e alegría constantes. Persoalmente penso que isto se debe a que hai moito turismo e a que a xente leva un estilo de vida saudable e vinculado ao deporte e o "relax".

Por outra banda, como mencionei, o noso apartamento non estaba cerca do centro da vila, o cal para min supuxo un aspecto negativo. Na área na que vivíamos apenas había unha pequena tenda de alimentación (que funcionaba igualmente como cafetaría) e un bar na praia máis cercana (a 10 min. camiñando).

Para ir ao pobo máis cercano, Ribamar, tiñamos que atravesar a praia, camiñar pola estrada e superar unha gran costa. Todo isto supoñíanos aproximadamente uns 20 minutos do noso tempo e moita fatiga (a costa é realmente pronunciada). Nese pobo había unha lavandaría autoservicio, unha tenda de alimentación algo máis completa que a que tiñamos cerca da casa e un par de negocios tipo cafetaría e bar, así como algunha peluquería, tenda de roupa ou farmacia.

Se volo estades preguntando: o transporte público non era unha opción. As propias residentes nos confirmaban que os horarios non se cumprían moitas veces e que como moito podían pasar dous ou tres buses por alí.

A opción do Uber neste caso non era viable xa que non é doado atopar un coche dispoñible para percorrer distancias curtas (curtas para ir en coche, mais longas para ir andando).

Para acudir a Ericeira sí podíamos tomar un Uber, e para voltar podías probar sorte acudindo á estación de buses (eu voltei dúas veces en bus por 1'60€).

En resumo: o transporte público e a necesidade de percorrer longas distancias para visitar a vila foron os dous peores aspectos da miña experiencia. Creo que é recomendable, se dispós de recursos económicos, alugar un coche para ter certa autonomía.

A acollida, sen embargo, foi outro aspecto positivo que teño que recoñecer. O equipo de traballo do albergue funcionou coma unha familia para min durante o tempo que pasei alí. Había un bon ambiente de traballo, podías falar con elas e realizar preguntas sen problema ningún, e incluso compartíamos momentos de ocio e lecer.

Tamén quero animar a quen lea isto a probar o surf en caso de quen nunca o teña realizado antes, coma era meu caso. Eu acudín a cinco clases en total e, exceptuando a primeira (na cal tiña algo de medo fronte á novidade) en todas elas pasei un moi bó rato e disfrutei como a que máis.

Non practiquei tanto o ioga, mais sí acudín a unha clase cando as prácticas estaban a piques de rematar e hei de recoñecer que superou as miñas expectativas.

Moi importante!!! Son realmente imprescindibles as visitas turísticas a Sintra e a Mafra. Obviamente, tamén tes que visitar Lisboa se non fuches nunca aínda.

Sintra é un pobo romántico con moitísimos puntos de interese que vale a pena coñecer, declarado na súa totalidade Patrimonio da Humanidade. Podes acudir en bus dende Ericeira e só tardarás unha media hora en chegar. Eu recomendo pernoctar unha noite no pobo para ter tempo suficiente a visitar, polo menos, Quinta da Regaleira e o famoso Palacio da Pena. Os edificios turísticos coma estes abren as portas pola mañá e as pechan ás seis da tarde, polo que é recomendable acudir en canto abran (sobre as nove/dez da mañá).

Para min Mafra non é tan espectacular, mais o seu Palacio Nacional é increíble e merece a pena acudir e adicarlle un par de horas. Foi declarado Patrimonio da Humanidade e conta ca maior biblioteca de todo Portugal (só por iso xa é mandatorio acudir!).

Lisboa é máis popular e posiblemente xa teñas estado ou coñezas alguén que estivera. Se é teu caso, nunca é mal momento para repetir a visita (eu o fixen). E se nunca estiveches, dende Ericeira só necesitarás tomar un bus e nunha hora estarás na cidade.

O meu balance final é positivo.

Meus obxectivos cumpríronse: descubrín un novo lugar, practiquei o seu idioma (sí, o idioma principal que falei foi o inglés pero falaba portugués ca xente local para practicar) e medín a miña autonomía e a miña capacidade de estar soa e xestionar as miñas emocións fronte a experiencias novas.

É un cliché, un tópico ou como queirades chamarlle, mais realmente sí recomendo esta experiencia a todo o mundo. Se estás dubidando sobre inscribirte a un Erasmus ou a un proxecto europeo, este é o sinal que necesitabas. Apúntate xa e deixa que os acontecementos che sorprendan!